

Exp.: 1038/24
Promotor: Concello de Arbo
Asunto: instalación de varandas
Situación: Camiño Fonte da Igrexa (Arbo)

ANTECEDENTES

- 1 Concello de Arbo promove o expediente de instalación de varandas en Camiño Fonte da Igrexa, concello de Arbo.
- 2 De acordo co artigo 3.a do Decreto 93/2017 de 14 de setembro, polo que se regula a composición e funcionamento dos consellos territoriais de Patrimonio Cultural de Galicia, do Consello Asesor dos Camiños de Santiago e da Comisión Técnica de Arqueoloxía, considérase que non é preciso o informe preceptivo previo do Consello Territorial de Patrimonio Cultural.
- 3 Con data 23 de maio de 2024 emítense informe técnico de arquitectura que di o seguinte:

"INFORME

O 07.03.2024 o Concello de Arbo solicita autorización para a instalación de varandas en dous puntos do concello, no contorno de protección da casa reitoral, da Capela de San Antonio e do xacemento arqueolóxico GA36001014, elementos incluídos no PXOM do concello e no Plan Básico Autonómico de Galicia, polo que, segundo o artigo 30 da Lei 5/2016 do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia (LPC) incorpóranse ao Catálogo de Patrimonio Cultural de Galicia e pasarán a ter a consideración de bens catalogados sometidos ao réxime xurídico de protección aplicable a estes.

Segundo o artigo 39.1 da Lei 5/2016 do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia (LPC), as intervencións que se pretendan realizar en bens de interese cultural ou catalogados, así como de ser o caso, no seu contorno de protección ou na súa zona de amortecemento, terán que ser autorizadas pola consellería competente en materia de patrimonio cultural, coas excepcións que nela se establecen.

O 10.04.2024 requiriuse ao concello para que achegase información complementaria así como nova alternativa ás varandas do parque infantil.

O 07.05.2024 achégase a documentación solicitada.

Descrición das obras.

As obras consistirán na instalación de varandas en dous puntos do concello.

O primeiro no Camiño da Fonte da Igrexa, consiste en colocar uns tramos de varanda metálica (cunha lonxitude de 54 m) para mellorar a seguridade e as prestacións aos usuarios das infraestruturas do concello. Afecta ao contorno de protección da casa reitoral e do castro da cidade de Arbo (GA36001014).



O segundo no Parque infantil de San Antonio, no contorno da Capela de San Antonio, que consiste na substitución da varanda existente (en mal estado) por unha nova das mesmas características e cores en aluminio para a protección do conxunto dos xogos infantís. Afecta ao contorno de protección da Capela de San Antonio.

Consideración e conclusións

Con respecto da primeira actuación, tendo en conta que se trata de obras necesarias para a mellora da seguridade e a distancia á cpela, se informan favorablemente.

No caso da varanda do parque infantil, considérase que de cara a unha mellor integración nun conxunto rural non deberían empregarse cores chamativas, polo que se informa favorablemente coa condición de que teña un acabado pintado en cor escura."

- 4 Con data 5 de xuño de 2024 emítase informe técnico de arqueoloxía que di o seguinte:

"I N F O R M E:

Solicítase autorización para a instalación de varanda no camiño Fonte da Igrexa e outra de protección na zona de xogos do parque infantil de San Antonio, para repoñer a que se atopa en mal estado e con risco para os nenos.

A instalación de varandas no camiño está no ámbito do Castro de Arbo. Dito xacemento está moi alterado pola construción de vivendas familiares e neste sector construíuse un gran muro de contención e rampla de acceso a vivendas edificadas na parte superior. Hai pouco fíxose unha actuación sobre o camiño ou rúa cunha intervención arqueolóxica asociada a cal deu resultados negativos (expediente nesta dirección territorial nº 3711/21).

Tendo en conta todo as características da actuación considérase que non se modifican as condicións actuais de apreciación e conservación do xacemento, en consecuencia e desde o punto de vista arqueolóxico propoño informar favorablemente a actuación de referencia."

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

- 1 É de aplicación na tramitación e resolución do presente expediente o disposto nas seguintes disposicións normativas:
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.
 - Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.
 - Decreto 199/1997, do 10 de xullo polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia, modificado polo Decreto 93/2017 de 14 de setembro, polo que se regula a composición e funcionamento dos consellos territoriais de Patrimonio Cultural de Galicia, do Consello Asesor dos Camiños de Santiago e da Comisión Técnica de Arqueoloxía.
 - Decreto 93/2017 de 14 de setembro, polo que se regula a composición e funcionamento dos consellos territoriais de Patrimonio Cultural de Galicia, do Consello Asesor dos Camiños de Santiago e da Comisión Técnica de Arqueoloxía.
 - Decreto 146/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (DOG nº 101 do 27 de maio).
 - As demais normas de aplicación, en concreto a lexislación vixente do solo de Galicia (Lei 2/2016, do 10 de febreiro) en relación coa protección e a conservación do patrimonio cultural.
- 2 A intervención para a que se solicita autorización preténdese realizar no contorno de protección dun ben incluído no Catálogo do Plan Básico Autonómico e no do PXOM do



concello e por tanto, segundo o establecido no artigo 30 e na disposición adicional segunda da Lei 5/2016, do patrimonio cultural de Galicia, forma parte do Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia. En consecuencia, de acordo co art. 39 da devandita lei, precisa da previa autorización da Consellería de Cultura.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio da competencia que me atribúe o Decreto 146/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude (DOG nº 101 do 27 de maio) e conforme ao disposto na Resolución do 5 de xullo de 2022, da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, pola que se delega nos titulares dos servizos de Coordinación Cultural das xefaturas territoriais da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades o exercicio de determinadas competencias (DOG nº 134 do 14 de xullo) e á vista do informado polos servizos técnicos e sen prexuízo de calquera outra autorización esixida pola lexislación vixente,

RESOLVO

Autorizar o proxecto de instalación de varandas no Camiño Fonte da Igrexa, concello de Arbo, coa condición de que teña un acabado pintado en cor escura.

Contra esta resolución poderase interpoñer recurso de alzada ante o Conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa recepción, de acordo cos artigos 30, 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A directora xeral do Patrimonio Cultural
p.d.: Resolución do 05.07.2022
A xefa do Servizo de Coordinación Cultural
M^a José Echevarría Moreno

